


**REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/05/2018 12:54:18

**SAIDA 6048/18**



**Valedor  
do Pobo**  
Galicia

Sra. alcaldesa de Tomiño  
Concello de Tomiño  
Praza do Seixo s/n  
36740 Tomiño (Pontevedra)

**Expediente:R.5.Q./4122/18**

Santiago de Compostela, 24 de maio 2018

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento, na visita realizada a Tomiño o pasado 23 de maio, por medio dunha usuaria que existe na páxina web municipal, en concreto no apartado de "Canles de comunicación cidadá" o chamado "Xestor de incidencias" anunciado desde hai un ano e medio sen funcionar. En concreto, ao accedermos a esa sección se recolle un texto informativo no que se expón: *Estamos rematando e ultimando os detalles dun servizo en liña de xestión de incidencias, a través do cal as veciñas e veciños de Tomiño poderán comunicar de xeito electrónico ao concello as incidencias, avarias, etc en cuestións como alumado público, camiños, contedores, mobiliario urbano, etc. Estará dispoñible dentro de pouco!*

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal sobre a cuestión. En concreto solicitamos dese Concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o funcionamento do mencionado xestor de incidencias e, no seu caso, sobre as previsións sobre o mesmo e para a posta en marcha de novas vías de participación cidadá por medio da web así como sobre outras circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e, saúdoa atentamente.

Milagros Otero Parga  
Valedora do Pobo